



Expediente número: PLN/2019/4

ACTA

Sesión Ordinaria 4/2019 celebrada polo Pleno
do Concello o día 28 de marzo de 2019.

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 3/2019 do 28/02/2019
2. Toma de Posesión como Concelleiro de Alberto Álvarez Pérez.
3. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos II
4. Denuncia da Vixencia do Contrato de Concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”.
5. Moción sobre a Asignación aos Grupos Político Municipais no Mandato 2015-2019

PARTE DE CONTROL

6. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 03/2019.GC01/19, MC 04/2019.TC02/19, MC 05/2019.IR02/19, MC 06/2019.GC02/19 e MC 07/2019.GC03/19.
7. Actividades de control do pleno.
 - 7 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.
 - 7 . 2 Solicitud de Comparecencia.
 - 7 . 3 Mocións.
 - 7 . 4 Rogos e preguntas.



No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 2019/0821 de data 25 de marzo de 2019, e sendo as vinte horas do 28 de marzo de 2019 coa presidencia do sr. alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro
María del Carmen Amoedo Dasilva
Jesús Crespo López
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros
María Teresa París Blanco
Julio César Mougán Vázquez
María José Barciela Barros
Ángela Antón Pazos

GPM PSOE

Ana Isabel Rey Gómez
Eduardo José Reguera Ocampo
Leonardo Cabaleiro Couñago
Digna Rosa Rivas Gómez
Isaac Borja Araújo Figueroa
Alberto Álvarez Pérez (logo da toma de posesión)

GPM AER

Xosé Covelo Míguez
Noé Cano Correa
Javier Bastos Devesa
Juan Roberto Darriba Ferradás



GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

O concelleiro Covelo Míguez incorpórase unha vez escomenzada a sesión, despois da votación da acta da sesión anterior.

O alcalde suspende o pleno ás 21.00 horas e reanudao ás 21.05 horas.

O concelleiro González Campo abandona a sesión ás 21.20 horas.

O grupo do PSdeG-PSOE abandona a sesión ás 21.35 horas.

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 3/2019 do 28/02/2019

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 3/2019 do 28/02/2019.

INTERVENCIONS.-

A concelleira Rivas Gómez di que no final da acta onde se recolle que o alcalde suspende o este punto hoxe, referido ás mocións, e levanta a sesión, non está de acordo, xa que non se recolle na acta que se retiran as mocións.



VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos coa salvidade da concelleira Rivas Gómez, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (09 do PP, 05 do PSdeG-PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

2.- Toma de Posesión como Concelleiro de Alberto Álvarez Pérez.

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente ao concelleiro do PSdeG- PSOE Alberto Álvarez Pérez, o cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, de acordo coa fórmula legalmente establecida, toma posesión do seu cargo de concelleiro a todos os efectos.

3.- Recoñecemento Extraxudicial de Créditos II

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 25 de marzo de 2019 que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 21 de marzo de 2019, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.



Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 14.594,70 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2019:

NOME TERCEIRO	Nro.Fact.	Data Fact.	Importe	Aplic. Orzamentaria
AGRICOLA IPIÑA, S.L.	5769	02/07/2018	1.850,00 €	1711A.6230000
API MOVILIDAD, S.A.	363N180261	20/12/2018	2.761,46 €	1531A.6090001
AUTOS GONZALEZ, S.L.	18/2896	12/12/2018	165,00 €	2311D.2269924
AUTOS GONZALEZ, S.L.	18/2897	12/12/2018	132,00 €	2311D.2269924
AUTOS GONZALEZ, S.L.	19/149	31/01/2019	275,00 €	3381A.2080000
BAYGAR S.L.	18010947	27/12/2018	653,40 €	1531A.6090000
BENITO URBAN, SLU	210492545	28/12/2018	2.256,05 €	1531A.6090000
CLAUDIO CABALEIRO ESTEVEZ - F.VIDAL	417	20/12/2018	395,00 €	1711A.6250000
CRUCEROS ANGEL, S.L.	193	24/10/2018	990,00 €	3231A.2269908
DIEGO PAZOS S.L.	A/18590	30/11/2018	665,50 €	1531A.6090000
EXCLUSIVAS RIVI, S.A.	A/4604	27/12/2018	193,60 €	1531A.6230000
FARO DE VIGO S.A.U.	2019/0000023	25/01/2019	31,67 €	3321B.2200100
INGATEC PROYECTOS Y ESTUDIOS, S.L.	002/19	02/01/2019	977,85 €	1531A.6190010
NORTHGATE RENTING LEXIBLE S.A.	A1819100998	31/10/2018	76,41 €	2411A.2040000
PEDRO TABOAS RIVERA - LIBR. MOLIERE	1/342	20/08/2018	135,00 €	9221A.6230000
RAGOVI METAL, S.L.	378	20/12/2018	587,46 €	1531A.6090000
RIVEL ANIMACION S.L.U.	207	11/01/2019	181,50 €	3231A.2260200



SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	EI14	31/08/2018	1.384,42 €	1531A.6090001
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121159	28/01/2019	275,35 €	3341A.2090000
WURTH ESPAÑA, S.A.	1678038	23/11/2018	608,03 €	1531A.6230000

”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

4.- Denuncia da Vixencia do Contrato de Concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”. .

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de Deportes e Xuventude do día 25 de marzo de 2019 que di:

“Pola Presidencia dase conta da proposta da alcaldía de data 20 de marzo de 2019, do seguinte tenor:

“O 22 de setembro de 2004 subscribiuse entre Concello de Redondela e Servicio, Cultura Deporte y Recreación S.L. con CIF B-15.416.845 o contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”.

A cláusula 5ª do contrato establece que o prazo de execución é de 15 anos contados a partir do día seguinte á formalización do contrato, podéndose prorrogar por dous períodos máis de cinco anos cada un. O prego de cláusulas administrativas particulares, na cláusula 3ª indica que a prórroga será acordada de común acordo polas dúas partes, e tanto o Concello coma o contratista poderán denunciar a vixencia do contrato cunha antelación mínima de cinco meses ó vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.



CONCELLO DE REDONDELA

Valorando o interese do Concello en promover unha nova licitación e tendo en conta que o órgano de contratación é o Pleno do Concello de Redondela, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

PRIMEIRO. Denunciar a vixencia do contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo público "Piscina Climatizada de Redondela", asinado o 22 de setembro de 2004 por Concello de Redondela e Serviocio, Cultura Deporte y Recreación S.L. con CIF B-15.416.845. O contrato quedará sen efectos dende a data do seu vencemento que é o día 22 de setembro de 2019.

SEGUNDO. Notificar este acordo a Serviocio, Cultura Deporte y Recreación S.L. con CIF B-15.416.845."."

INTERVENCIONS.-

O concelleiro Fojo Durán di que para eles tería que ser un servizo con xestión pública, ben xestionado e controlado, di que isto non se acadou por ningún partido que gobernou ata agora, non conseguiron que as instalacións fosen de calidade, queren que se poida mudar esta situación, di que estes modelos non funcionan.

O concelleiro González Campo comeza a súa intervención dando a benvida ao concelleiro Álvarez Pérez, logo continua, di que este servizo ten moita actividade ao longo do día, están saturadas as instalacións, parécelles moi importante a xestión directa da piscina, é universalizar o acceso en condicións aceptables para todas as idades. Pensan que este servizo xunto con outros servizos pode estudarse a posibilidade de remunicipalizalos, están dispostos a estudar esa posibilidade porque sería beneficioso para os veciños e veciñas de Redondela, permitiría a continuidade dos traballadores nunhas condicións favorables, apostan que a partir de maio haxa posibilidade de remunicipalizalos, quere que haxa unha concellería de servizos privatizados para reordenar estes servizos.

O concelleiro Darriba Ferradás da a benvida ao concelleiro Álvarez Pérez, continua a súa intervención dicindo que desde sempre apostaron por un servizo público con xestión pública, en todo caso respecto das posibilidades que exista de remunicipalizar, debería estar aberto a outros tipos de xestións de empresas, como o cooperativo, saben que terían dificultades pero con colaboración do concello podería facerse. Di que no contrato asinado constan unhas inversións como melloras a realizar pola empresa concesionaria e queren saber se estas inversións se fixeron. Queren contar con todos os datos o antes posible. Cónstalles que hai custes de electricidade e auga que parte os paga o concello, cando no contrato recolle que sexa a cargo do concesionario. Queren que de xeito inmediato se designe a un órgano que asegure a entrega dos bens en condicións convidadas. Insta que coa maior urxencia se realice.



CONCELLO DE REDONDELA

O alcalde puntualiza que a previsión da creación dese órgano xa ven recollida no contrato.

O concelleiro Cabaleiro Couñago fala sobre os servizos privatizados, que o grupo do PP tivo un desinterese no seguimento destes servizos, non se presentan as contas de resultado destas empresas, quere que se utilice a comisión de seguimento de servizos privatizados. Di que queren un servizo o menos custoso para os veciños de Redondela, é necesario facer unha auditoría para saber cómo está o estado do equipamento e instalación da piscina, descoñecen se houbo algunha conversación previa coa empresa concesionaria, se se vai facer de mutuo acordo, se poden ser administradas por outras empresas, se van remunicipalizar o servizo, non teñen un modelo, di que tamén forma parte da transparencia, van ao límite das circunstancias, poden telo visto con tempo.

A concelleira Amoedo Dasilva responde ao concelleiro Cabaleiro Couñago que o regalo de contrato que lles deixaron ao actual equipo de goberno, foi con Urbaser, di que escoitaran as aportacións que se presenten, hai que traballar no que lles gustaría que sexa unha proposta do prego, dille que se querían contas que as pediran, se querían unha comisión de servizos privatizados, que a pedisen, dilles que non traballaron, escriben para censurar que se ataque a Carmela Silva ou Abel Caballero, non lles preocupa un proxecto por Redondela, entenden que teñe que facerse un prego, ver o que é mellor para Redondela, o goberno trae a proposta de denunciar a prórroga do contrato. O enxeñeiro industrial contratado polo concello fará unha auditoría de cómo están as instalacións. Respecto a remunicipalizar, no seu día deixaron atado o contrato con Urbaser, sen dar esta posibilidade. Cando están no goberno demandan o contrario que cando están na oposición. Cando estaban no goberno, non remunicipalizaron ningún servizo.

O concelleiro González Campo di que hai un descontrol absoluto das empresas privatizadas, porque o PP é un instrumento ao servizo destas empresas, facer propostas de remunicipalizar mételles medo, xa cando fora o servizo de axuda no fogar e limpeza de edificios públicos, o BNG fixo esa proposta. En canto ao contrato, é posible que se intente unificar a xestión das dúas piscinas, Chapela e Redondela. Respecto ás pistas de pádel, o goberno do PP quixo poñer unhas taxas altas, di que hai outros modelos e que hai que estudalos, saber o criterio dos técnicos, di que estes servizos son os máis factibles para recuperar a xestión directa. Remata dicindo que a información que se facilitaba na comisión de servizos privatizados, non era moi elevada.

O concelleiro Darriba Ferradás di que AER se atopou bastante solo á hora de exixir nas comisións, respecto ao cargo do custe de electricidade e auga, só se fai cargo dunha parte a concesionaria, a outra o concello. Cónstalles algunha factura de reserva de instalacións aínda que no prego indícase que sexa gratuíto, di que habería que revisalo. Os servizos privatizados deberían ser expedientes abertos, porque para conseguir documentación cústalles moito,



deberían estar nunha carpeta sinxela e aberta de fácil acceso. Hai datos incongruentes, son escépticos, están de acordo coa denuncia do contrato.

O alcalde resposta que os expedientes antigos están sen dixitalizar e se incorporan pouco a pouco na plataforma Gestiona.

O concelleiro Cabaleiro Couñago di que o equipo de goberno tarda en dar os expedientes que se lles solicitan, di que apoian que teñan acceso aberto aos expedientes, indica á concelleira Amoedo que non contestou ao que se lle preguntou, se tiveron un preacordo, se houbo reunións cos responsables de goberno e da empresa, cren que o único contacto foi por whatsapp, di que tiñan que traer un informe previo da situación da instalación, di que non visitan a instalación nin fan un seguimento de esta nin de outras. De momento van absterse, cren que non teñen unha ruta de cómo xestionar a piscina de Redondela.

A concelleira Amoedo Dasilva resposta ao concelleiro Cabaleiro que os preacordos coas empresas eran do PSOE de antes e de agora, o que se trae é uha denuncia do contrato, non ten que haber ningún preacordo, deberían facer traballo de fiscalización xa que agora é moi fácil porque hai sede electrónica, o que eles non o atopan, na Deputación que pregona coa transparencia.

O alcalde chama á orde por primeira vez a concelleira Rivas Gómez.

A concelleira Amoedo, continúa dicindo que o que se quere é aforrar cartos coa denuncia do contrato, di que é un goberno serio e transparente.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 15 votos a favor (09 do PP, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 06 abstencións do PSdeG-PSOE.

5.- Moción sobre a Asignación aos Grupos Político Municipais no Mandato 2015-2019.

Visto o Ditame da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda do día 25 de marzo de 2019 que di:

“MOCIÓN SOBRE ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NO MANDATO 2015-2019

O grupo municipal da Agrupación de Electores de Redondela, presenta a seguinte MOCIÓN RESOLUTIVA, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 73.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, di :

3. A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos.

El Pleno de la corporación, con cargo a los Presupuestos anuales de la misma, podrá asignar a los grupos políticos una dotación económica que deberá contar con un componente fijo, idéntico para todos los grupos y otro variable, en función del número de miembros de cada uno de ellos, dentro de los límites que, en su caso, se establezcan con carácter general en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado y sin que puedan destinarse al pago de remuneraciones de personal de cualquier tipo al servicio de la corporación o a la adquisición de bienes que puedan constituir activos fijos de carácter patrimonial. [...]

Los grupos políticos deberán llevar con una contabilidad específica de la dotación a que se refiere el párrafo segundo de este apartado 3, que pondrán a disposición del Pleno de la Corporación, siempre que éste lo pida.

Vemos que este artigo recolle a capacidade do pleno para solicitar aos diferentes grupos políticos que poñan a disposición do mesmo a súa contabilidade específica.

Dende AER entendemos que hai unha imparable demanda de transparencia por parte da cidadanía. Comprobamos tamén que os partidos políticos aquí representados aproban continuamente noutras administracións varios “códigos de bo goberno” e/ou leis e ordenanzas de transparencia. Para que a “transparencia” non quede só en boas palabras ou nunha mera declaración de intencións, os grupos políticos deben dar exemplo e practicala.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

* Solicitar aos grupos municipais representados no pleno a contabilidade específica das asignacións acordadas no pleno do 30 de xuño de 2015 vixentes ata o final deste mandato.”



INTERVENCIONS.-

O concelleiro Fojo Durán di que aínda que non lle corresponde a asignación como grupo político, quere dar a súa opinión, non cren que se deberan facer achegas municipais aos grupos políticos, pensan que estes cartos deben quedar no municipio, apoiarán as medidas necesarias para o control e transparencia.

O concelleiro González Campo di que pode ter certa moralidade, o BNG non vai ter problema en apoiar isto, non van ter problema en aportar información de referencia que se lles pida, van respectar esta proposta, piden as facturas dos grupos municipais, pensan que hai un punto e aparte con estas mocións, debe ser unha xestión política na rúa, cos veciños, participando en actos. Non están de acordo co plantexamento das mocións, teñen unhas responsabilidades cos veciños e veciñas, e pretenden que se fagan o exercicio dos dereitos con voz e voto, e non van participar no que non se poida votar. Parécelles importante que cada grupo político faga as súas propostas. Di que non están de acordo con que os grupos políticos obstaculicen o traballo dos traballadores con petición destes tipos de informes sobre o regulamento orgánico do concello.

O concelleiro Cabaleiro Couñago di que a transparencia é un pilar da sociedade, para rexer a orde social, para saber cómo se subministra o diñeiro dos cidadáns, non van ter inconveniente en votar a favor desta moción, non están dispostos a que ninguén dubide da transparencia do PSOE, no pleno anterior traxo informe onde o PSOE adopta doce medidas contra a corrupción, respecto á transparencia AER non é quen de dar leccións, o que sexa ampliar como se administran os fondos é bo, o PSOE aparece como un partido transparente, con información pública cando se requiren as contas se presentan, outros non son así. Verán cómo se xustifican as contas despois, e verán se é positivo para os veciños de Redondela. Os partidos políticos están acollidos á fiscalización dos seus fondos, descoñece se as agrupacións de electores tamén estarían.

A concelleira Amoedo Dasilva di que van apoiar a moción, di que o que se pide é que se presente a contabilidade dos grupos políticos do 2015 ata agora, van apoiar a moción.

O concelleiro Darriba Ferradás resposta ao concelleiro Cabaleiro Couñago que o regulamento xa está aprobado, o que se pide é a contabilidade do 2015 ata agora, resposta ao concelleiro González Campo, que están acostumados a facer moitas cousas por primeira vez, agradece que diga que son un goberno alternativo, di que non hai problema en presentar facturas, parécelles ben que se transmita o ideario coa veciñanza, a pena é que non se modificou o regulamento orgánico do concello, nunca chegou a formalizarse, sendo necesario. Piden información, o cambio ven motivado por un informe de secretaría, pero non a solicitude deles, preguntaron que lles explicaran o que se pode facer e non. Contra a corrupción a mellor e única medida eficaz chámase transparencia.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro González Campo pensa que vai haber un goberno alternativo en Redondela, teñen claro que suceda o que suceda, baixo uns principios pragmáticos, vai haber un goberno alternativo que sexa efectivo. Se someteron ao Tribunal de Contas, non puxo ningún problema á información do BNG, respecto á modificación do regulamento orgánico do concello, di que hai mocións que non se incorporan ao pleno, como o de apoio á marisqueo que presentou o BNG, porque non é competencia do pleno.

O alcalde pídelles que fale do asunto da moción, e ao continuar falando da temática das mocións, chamao á orde por primeira vez e logo por segunda vez, e suspende o pleno ás 21.00 horas.

O alcalde reanuda o pleno ás 21.05, di que se se suspende o pleno é a falta de respecto ao regulamento orgánico do concello, e debe ceñirse á temática da moción que se presente, actúa para regular o pleno.

O concelleiro Cabaleiro Couñago di que o que trae aquí é atípico respecto este tipo de mocións. Falan de reformar o regulamento orgánico do concello cando o anterior concelleiro do PSdeG-PSOE, Luis Orge o propuxo no pleno, tiveron ocasión, dille a AER, de dar un goberno de progreso no seu día, van apoiar esta moción.

A concelleira Amoedo Dasilva di que lle parece ben a moción e a van apoiar, o anterior goberno deixou facturas nos caixóns e 11 millóns de euros en débeda.

Ante as interrupcións o alcalde indica que a intervención da voceira do PP ten que ver coas contas.

A concelleira Amoedo Dasilva continúa a súa intervención, di que o goberno do PP reduciu as débedas, ten as contas saneadas, o anterior goberno deixou débedas, di que non son alternativa de goberno, di que non lles fixeron unha proposta en firme a este goberno, nin o BNG nin o PSdeG-PSOE.

O concelleiro Darriba Ferradás resposta a Cabaleiro Couñago, que pensan que desaproveitaron unha oportunidade de modificar o regulamento orgánico do concello, teñen que pedir desculpas se pareceu soberbia a súa intervención, é certo que se poden modificar as cousas mellor dende o goberno que a oposición, fan o que poden, non están en todo. Hai un Real Decreto que prima sobre o ROC e éste hai que adaptalo, cre que había unha alternativa para continuar como se estaba e non se quixo asinar. Agradece a todos os grupos por apoiar esta moción.

O alcalde intervén dicindo que houbo unha proposta da alcaldía de retomar ese formato das mocións e comparecencias, pero para que asinaran todos un documento, pero o BNG e o PSdeG-PSOE non quixo e o concelleiro non adscrito non contestou.



VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, 21 votos a (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito)

6.- Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 03/2019.GC01/19, MC 04/2019.TC02/19, MC 05/2019.IR02/19, MC 06/2019.GC02/19 e MC 07/2019.GC03/19

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 03/2019.GC01/19 mediante a xeración de crédito por importe de 271.413,88 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 14.02.2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 04/2019.TC02/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 34.019,11 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 15.02.2019 e posterior resolución de data 19/02/2019 de corrección de erros.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 05/2019.IR02/19 mediante a incorporación de remanente de crédito por importe de 1.028.017,66 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 18.02.2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 06/2019.GC02/19 mediante a xeración de crédito por importe de 193.600,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 05.03.2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 07/2019.GC03/19 mediante a xeración de crédito por importe de 86.064,59 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 08.03.2019

O Pleno quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

7.- Actividades de control do pleno

7.1 Dar Conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.



INTERVENCIONS:

O concelleiro González Campo en oposición á nova temática da actividade de control do pleno, auséntase ás 21.20 horas.

A concelleira Rivas Gómez di que non se fixo unha xunta de voceiros para abordar o tratamento das mocións e comparecencias.

O alcalde di que no ano 2011 as comparecencias se votaban primeiro no pleno. Di que na xunta de voceiros se propuxo un acordo para continuar co criterio anterior, e outros grupos non quixeron, e seguiu co regulamento orgánico do concello.

7 . 2 Solicitud de Comparecencia.

7.2.1. Solicitud de AER de Comparecencia do Alcalde por Contratacións para o Entroido de Verán.

ANTECEDENTES:

Solicitud de comparecencia con entrada no concello o día 21/03/2019 con número 2019-E-RPLN-5 que se transcribe a continuación:

“A día 17 de agosto de 2018, o alcalde asina unha resolución que ten como obxecto a contratación da “subministración de son e iluminación, servizos técnicos e escenario móbil para o Entroido de Verán de 2018”.

Para tal fin solicítanse orzamentos a tres empresas:

- 1.- Python Producciones, SL.
- 2.- Elvan Instalaciones, SL.
- 3.- Soluciones Escénicas SL, Soundhouse.

Recibidas as propostas, o alcalde asina resolución o 17 de agosto para un evento que terá lugar o 18 de agosto, un días despois.

Solicitamos a comparecencia do/a responsable que solicitou os orzamentos a estas tres empresas para que explique que criterio ou procedemento seguiu para dita elección. ”

De acordo co disposto no artigo 105.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, sometese a votación para a comparecencia do alcalde na vindeira sesión ordinaria que se celebre:



VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo 20 votos a favor (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito).

7.2.2. Solicitude de AER de Comparecencia da Concelleira de Turismo Para Avaliación da súa Xestión.

ANTECEDENTES:

Solicitude de comparecencia con entrada no concello o día 21/03/2019 con número 2019-E-RPLN-6 que se transcribe a continuación:

“Considerando que unha xestión eficaz comporta sempre unha avaliación de resultados, e tendo en conta a importancia social, económica e cultural do Turismo na actualidade; solicitamos a comparecencia da responsable da área de Turismo cara a determinar a evolución dos resultados, e a adecuación dos medios dedicados a tal fin.”

De acordo co disposto no artigo 105.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, sométese a votación para a comparecencia da concelleira de Turismo na vindeira sesión ordinaria que se celebre:

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo 20 votos a favor (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito).

7 . 3 Mocións.

A concelleira Rivas Gómez solicita intervir, invoca una cuestión de orde, o artigo 97.1 do ROF di que as mocións conlevan votacións.

A asinante intervén explicando que, de acordo co informe emitido polo secretario xeral anterior e do que todos os grupos teñen copia, é de aplicación



CONCELLO DE REDONDELA

o artigo 46.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, para as mocións que forman parte da actividade de control do pleno, e de acordo con ese informe, son non resolutivas e só obxecto de debate e non votación.

Ás 21.35 horas o PSdeG-PSOE abandona a sesión.

O concelleiro Covelo Míguez di que había un acordo de todos os voceiros de debater e votar as mocións, queren que os temas se traten no pleno, consideran que se unha moción é un rogo, o que queren é debatela, debe haber un acordo para que o pleno permita facer como se facía antes. Di que se os servizos xurídicos lles informan, eles buscan as formas para poder levar o asunto ao pleno.

O concelleiro Fojo Durán indica que cando se plantexou asinar, tiña que consultar co seu grupo, entendeu que ía haber máis comisións, varias xuntanzas para solucionar este tema. Pensa igual que o que dixo o concelleiro Covelo, hai que solucionalo, e se non haberá que debater. Di que consultado co grupo de palabra, non tiñan problema en facelo.

A concelleira Amoedo Dasilva di que o que non se pode facer é culpar ao goberno de algo que provocou o PSdeG-PSOE, o alcalde nunca aplicou o regulamento se eran de competencia municipal ou non, porque o pleno ten que ser un foro de debate político, queren traer propostas de goberno, entenden que ten que haber un debate político. Este goberno nunca nin agora, se opuxo a que se debatesese ningunha cuestión no pleno.

O concelleiro Covelo Míguez considera que a pluralidade política ten que estar no pleno, van deixar as mocións enriba da mesa, para buscar unha solución na xunta de voceiros.

O alcalde entende a retirada das mocións, e van intentar buscar unha solución, o comportamento nos últimos oito anos foi de tolerancia e facilidade para que se fixeran as cousas.

Pásase ao tratamento das preguntas e rogos.

7 . 4 Rogos e preguntas.

PREGUNTAS:

Preguntas formuladas por AER relativa a varios temas (Rex. Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-9).



1) Pregunta sobre o servizo de alugueiro de equipos de radiocomunicación para a Policía Local. Vista a relación de facturas ás que temos acceso a través do Xestiona, a finais do ano pasado chamounos a atención unha serie de facturas polo alugueiro de equipos electrónicos destinados á Policía Local. Ditas facturas repetíanse mensualmente. Solicitamos varias veces por rexistro copia das facturas así como copia do contrato, en caso de existir. As facturas tardamos catro meses en obtelas. Por contra, en ningún momento se nos contestou á solicitude feita sobre o contrato. O pasado día 14 de marzo volvemos solicitar copia de ese contrato, que non sabemos se existe, por medio doutro rexistro que se dirixiu a Alcaldía, Interior, Policía Local e a Arturo González. Como seguimos sen obter resposta, preguntámoslle ao concelleiro responsable:

Vistas as facturas emitidas pola empresa "Radiospectrum" polo servizo de alugueiro de "walkie talkies" para a Policía Local, podería dicirnos vostede se existe un contrato con esta empresa?

Resposta: O concelleiro González Barbeiro resposta que non atopan o contrato, é un servizo de aluguer repititivo, non ten constancia do contrato, non o ten no seu poder.

2) Pregunta sobre a Casa da Xuventude de Chapela. Nos medios de comunicación do 3 de febreiro de 2019 aparece unha nova sobre a vía verde de Chapela. Nesta nova fálase que a vía verde incluírá unha casa da xuventude. Respecto a esta casa da xuventude o goberno local en ningún momento deu información algunha (iso sería transparencia) e tampouco se falou dentro das reunións do Redondela 2020, con cuxos fondos vaise financiar a construción da vía verde.

Poderíannos informar acerca desta casa da xuventude, con que fondos se realizarían as actuacións necesarias e cal sería o modelo de xestión e uso?

Resposta: A concelleira Amoedo Dasilva resposta que se fixo unha petición no ano 2017, solicitouse este espazo para a cesión ao ADIF, están esperando a que conteste, a realidade que se vai facer é a senda verde, tamén se fará un espazo para o museo do ferrocarril. Para a cosignación presupostaria teñen que ter primeiro cedido o edificio.

3) Pregunta sobre alternativas festivas no martes de entroido ante inclemencias meteorolóxicas. Neste pasado entroido, un dos días grandes como é o Martes de Entroido, aconteceu que polas inclemencias climatolóxicas todas as actividades programadas foron canceladas. Con este feito, o goberno local demostrou que non é quen de establecer unha alternativa nun dos festexos máis importantes en Redondela. A pesar de que o goberno local e



algún grupo da oposición non apoian que o martes de entroido sexa festivo local, a realidade é que a veciñanza todos os anos celebra o martes de entroido disfrazándose, indo de comidas, levando a celebración ás rúas e en definitiva, desfrutando da festa. E o fai aínda que chova. Así pois preguntámonos,

Por que o Concello non habilitou carpas para as actividades ou mesmo contemplou a posibilidade de trasladalas a un dos pavillóns municipais para que a veciñanza puidera desfrutar nun espazo no que resgardarse da choiva?

Resposta: A concelleira Amoedo Dasilva resposta que os martes de carnaval é onde a xente de forma libre se reúne, comen xuntos, desfrutan do entroido de forma libre, as actividades se pospuxeron, non se anularam, saben que apostan por este tipo de festas.

4) Pregunta sobre o muro caído no río Alvedosa. Dende hai unhas semanas un dos muros do Río Alvedosa ao seu paso por Redondela caeu e tívose que delimitar a zona e o tránsito de peóns. Inicialmente estaba acordada parte da estrada e agora xa só está a parte peonil a carón do río. Esta beirarrúa tampouco ten sinalización algunha de que se atopa cortada, polo que os peóns teñen que cruzar a estrada por zonas sen sinalización con paso de peóns. Tamén descoñecemos se hai risco de afundimento da estrada co paso de tráfico pesado pola zona. Así pois, preguntamos,

Cando teñen pensado reparar o muro de contención do río Alvedosa que se derrubou na Avenida Ernestina Otero?

Resposta: A concelleira Amoedo Dasilva resposta que son os primeiros interesados en que se arranxe, hai técnicos que teñen que facer o traballo, acaban de presentar o proxecto e en base de eso vaise contratar, hai que esperar a que baixe o caudal, porque antes non se podía facer.

5) Sobre as pistas de recreo/deportivas cubertas e o mobiliario/equipamento do novo Colexio de Chapela. Tendo en conta o convenio aprobado polo pleno do Concello de Redondela o 25 de Marzo de 2015 : *“Proposta de AUDASA para reposición do Colexio Público Igrexa en Chapela”*

-Collendo como referencia o punto 3 do convenio no que nunha parte apuntan:

“ Autopistas del Atlántico Concesionaria Española S.A a su costa redactará el proyecto o proyectos del nuevo colegio y contratará su construcción, con sujeción a los requisitos mínimos establecidos en la normativa legal y reglamentaria de aplicación sobre instalaciones comunes a todos los centros y



específicas, que han de reunir los que impartan las mismas enseñanzas que en la actualidad imparte el Colegio Público de Igrexa (**pero excluído el mobiliario y equipamiento propio de similar naturaleza que precise el centro docente**) . Los servicios de la Consellería de Cultura, Educación y ordenación Universitaria competentes en la materia podrán supervisar el proyecto y la obra para comprobar el debido cumplimiento de aquella normativa.”

-Acollendo a responsabilidade municipal no punto 5 do convenio que apunta:

“ El ayuntamiento de Redondela se compromete a realizar con la máxima diligencia, una vez construido el colegio público, las actuaciones que a él correspondan y a promover ante la administración autonómica educativa las que resulten precisas para el traslado de la actividad escolar, comprometiéndose a que tenga lugar no más tarde del inicio de curso escolar 2020/2021”

Tendo en conta que hai unhas semanas o Alcalde anunciaba que as obras do novo centro remataban este verán, e a comunidade educativa dicía que en setembro comezarían a actividade o vindeiro curso, un ano antes da data límite do punto 5 do convenio.

Tendo en conta que o 15 de febreiro de 2017 a prensa daba conta da presentación do proxecto do novo colexio con declaracións tales que:

“El nuevo colegio de Chapela abrirá en 2019, según ha prometido en Redondela el conselleiro de Educación, Román Rodríguez. Los vecinos piden que no se habilite el tercer carril de la autopista hasta que esté construido el nuevo centro. El alcalde, Javier Bas, ha indicado que se lo ha pedido a la Xunta. La conselleira de Ordenación del Territorio, Beatriz Mato, se ha comprometido a tramitar el proyecto en ocho meses. Para el viernes hay convocada una protesta.”

Tendo en conta que na presentación do proxecto tanto nais, pais, ANPA e a Agrupación de Electores de Redondela solicitaron que se incluíran no proxecto pistas de recreo/deportivas cubertas e dende as consellerías se comprometeron a estudalo.

Ante os puntos expostos e coa preocupación de que o convenio asinado con AUDASA non contempla compromiso algún da Xunta de Galicia nos prazos para equipar o novo colexio de mobiliario e equipamentos docentes. Tal como amosa o punto 3 do convenio que tan só menciona os servizos de educación en materia de control das normas a aplicar. E ante a clara responsabilidade do concello sobre a apertura do novo centro como amosa o punto 5 do convenio preguntamos:

Comezou o Concello de Redondela a promover ante a Administración autonómica educativa as actuacións precisas en relación ao mobiliario e



equipamento do novo colexio, tal e como marcan os puntos do convenio asinado e as pistas cubertas demandadas pola veciñanza?

Resposta: A concelleira Amoedo Dasilva di que é competencia da Xunta, ese colexio é un compromiso da Xunta, que se vai equipar en tempo e forma, e que unha vez que o entregue a Xunta, o van acondicionar. O colexio ten as instalacións que se aprobaron e que marca a Xunta de Galicia.

ROGOS:

Rogos formulados por AER relativo a varios temas (Rex. Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-10).

1) Rogo sobre bases para cubrir prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual. Considerando o aparecido na prensa do día 13 de marzo de 2019 respecto do modelo proposto pola Xunta para facilitar a funcionarización do persoal laboral fixo.

Entendendo que dito procedemento pode ser un modelo a seguir para o caso da selección de persoal que opte a prazas reservadas para persoas con discapacidade.

ROGAMOS se proceda a unha análise seria desas opcións entre as que sinalamos especialmente as seguintes:

- **Coñecemento previo das preguntas**
- **Modelo de exame tipo test**
- **Posibilidade de contar cos apuntes durante a proba teórica**
- **Establecemento das porcentaxes 60 – 40 % de xeito que dentro dese 40 % se compute o grao de discapacidade e a experiencia demostrable.**

Resposta: O alcalde indica que na comisión correspondente tratarán estas cuestións e cos sindicatos.

2) Rogo sobre accesibilidade da pista da Xunqueira no entroido. Durante o entroido pasado, o sábado 2 de marzo o Concello organizou unha sesión de inchables, photocall e obradoiros na pista da Xunqueira. Dende AER valoramos positivamente que se programen actividades de entroido para cativas, cativos e familias, pero atopámonos con que unha vez máis a accesibilidade é unha cuestión secundaria para este goberno local. Non se tivo a consideración de instalar rampla de acceso á pista da Xunqueira pola que as persoas con



movilidade reducida, as persoas maiores e as familias con carriños de bebés non tiñan facilidade para acceder ao recinto público. E todo isto, que xa non é a primeira vez que acontece, tendo en conta que Redondela é Cidade Amiga da Infancia.

Rogamos que cando se programe calquera tipo de actividade por parte do Concello de Redondela se faga unha revisión previa e completa das instalacións para asegurarse o cumprimento das máis mínimas e sensatas normas de accesibilidade aos recintos.

Resposta: O alcalde di que é importante, é facilmente comprobable e subsanable.

3) Rogo vídeos Redondela TV. Redondela TV gravou durante un longo período unha serie de vídeos por encargo do Concello, que abarcaban diversas actividades que se realizaban no concello; culturais, deportivas, entrevistas, etc; e que incluía tamén a gravación dos plenos. Todo este material audiovisual debería estar directamente colgado na web do concello de Redondela e ademais, incorporarse ao Arquivo Municipal para que estivese dispoñible para a consulta de xeracións futuras.

Rogamos que o material audiovisual gravado por Redondela TV ata o momento en que o goberno local decidiu de xeito unilateral rescindir con este servizo, sexa solicitado para que sexa incorporado ao Arquivo Municipal e posta a disposición da veciñanza a través da web municipal.

Resposta: O alcalde di que hai vontade do que xestiona Redondela TV para que sexa así. O goberno local non rescindiu unilateralmente, hai unha posibilidade para grabacións dos plenos a través dun procedemento novo.

4) Rogo sobre a acta do concurso Drag Queen. O 27 de agosto de 2018 AER meteu o seguinte rexistro:

“O pasado día 18 de agosto de 2018 realizouse, dentro das actividades do Entroido de Verán organizado polo Concello de Redondela, a VIII Gala Drag Queen.

Segundo as bases do concurso, expostas na web do Concello, existirá un Xurado (artigo 3) e un comité de Organización (artigo 7.2) responsables das decisións tomadas no desenrolo do concurso.

7.2.- Calquera outro aspecto da organización e/ou competición que non estea recollido nos apartados anteriores será resolto polo comité de organización.

Acceso á acta do xurado da VIII Gala Drag Queen do concurso do Drag Queen do Entroido de verán 2018 e acceso ós acordos adoptados polo Comité de Organización en relación ó desenrolo do concurso deste mesmo ano.”



De cara a esclarecer o acontecido con respecto a abrupta descualificación dun dos concursantes da gala Drag Queen 2018 aparentemente directamente polo Alcalde por sentirse ofendido por unha representación de entroido con disfraces de relixiosos, ROGAMOS nos proporcionen a acta do Xurado da VIII Gala Drag Queen pola que levamos esperando 7 meses. Doutro xeito entenderemos que non existe tal acta e o concurso realmente ven sendo unha farsa.

Resposta: O alcalde di que hai un xurado que decidiu, que o que se decidiu é que ofendeuse aos veciños e o decidiu o xurado.

5) Rogo sobre a situación de contedores de lixo e a falta de visibilidade.

Xa no pleno de setembro de 2014 AER realizara un rogo sobre a mala situación de numerosos contedores ao longo de todo o concello. Veciños e veciñas queixáranse de que os contedores do lixo estaban situados antes dos pasos de peóns, no sentido da marcha; dificultando así a visibilidade dos condutores e aumentando o perigo de atropelo dos viandantes.

Actualmente esta situación segue acontecendo en diversos puntos de Redondela. A modo de exemplo podemos citar un par deles na propia vila: o paso de peóns en Vilavella antes de chegar ao convento ou o paso de peóns que vai da Xunqueira á rúa Casto Sampedro.

Polo anterior, ROGAMOS que fagan as xestións necesarias para que os contedores do lixo se sitúen, no sentido da marcha, despois dos pasos de peóns, minimizando o risco para os peóns ao cruzar as estradas.

E sendo as vinte e dúas horas e quince minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.